

# TARDE PARA LA IRA

[Raúl Arévalo, 2016]

# 153

ESTREA EN NUMAX: 16.09.2016 | V.O. | +16

## FICHA TÉCNICA

Tarde para la ira (2016, 92')

**Dirección:** Raúl Arévalo

**Guión:** Raúl Arévalo, David Pulido

**Reparto:** Antonio de la Torre, Luis Callejo, Ruth Díaz, Manolo Solo, Alicia Rubio, Raúl Jiménez, Font García

**Montaxe:** Ángel Hernández Zoido

**Dirección de arte:** Serafín González

**Vestuario:** Cristina Rodríguez, Alberto Valcárcel Rodríguez

**Son:** Jonathan Borland

**Música:** Lucio Godoy

**Fotografía:** Arnau Valls Colomer

**Produtora:** La Canica Films / Televisión Española (España)

**Distribuidora:** Entertainment One Films Spain

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Español

## FESTIVAIS

Venecia 2016

(nomeado ao mellor filme)

«Arévalo aprendeu, e ben, dos mellores directores cos que traballou. Excelente filme sobre a xestación lenta e paciente da ira.»

Quim Casas. EL PERIÓDICO

## SINOPSE

Madrid, agosto de 2007. Curro entra en prisión tras participar no atraco a unha xoiaría. Oito anos despois sae da cadea con ganas de emprender unha nova vida xunto á súa moza Ana e o seu fillo, pero atoparase cunha situación inesperada e a un descoñecido, Jose, que o levará a emprender unha estraña viaxe onde xuntos se enfrontarán a pantasma do pasado e afundiranse no abismo da vinganza.



# TARDE PARA LA IRA

[Raúl Arévalo, 2016]

## “Quixen fuxir da violencia como espectáculo”

**Entrevista a Raúl Arévalo**

Por Nando Salvà

### **En certo xeito, *Tarde para la ira* alude ao tipo de thriller seco e descarnado que se facía nos 70. Até que punto tivo ese tipo de cinema en mente ao rodalo?**

Traguei moitísimos filmes dese xénero, tanto os bos como os de serie Z. Son fan tanto de *A quemarropa* [John Boorman, 1967] como de Charles Bronson e Chuck Norris. No meu filme está todo iso pero tamén o cinema de Carlos Saura, ou *Malas Tierras* [Terrence Malick, 1973], *Gomorra* [Matteo Garrone, 2008] e os filmes de Jacques Audiard ou os Dardenne. Quixen contar a miña historia dun xeito cru e seco, e fuxir da violencia como espectáculo. Ollo, como espectador eu gozo do cinema de Tarantino e do de Álex de la Iglesias, pero quería ser máis realista.

### **Falas de referentes americanos e franceses, mais o filme ten un aire definitivamente castizo.**

Si, a historia que conto está afortunadamente tan afastada de min que, por outro lado, quixen achegala ao meu terreo: os ambientes que eu coñecía desde pequeno, os xeitos de falar cotiás que ouvía no bar de meu pai en Móstoles, o pobo de meus pais en Segovia, as estradas de Castela. Para min o cinema só vale se ten identidade propia.

### **Impúxose algún tipo de código de conduta á hora de retratar as escenas máis violentas?**

Absolutamente. O reto foi facer un filme que pouco a pouco fose sendo máis e máis escuro, e que no proceso mostrase unha violencia moi cercana e por tanto moi capaz de sacudir o espectador mais que nunca fose gratuita. Quixen ser brutal sen ensañarme. Nese sentido quixen ir de máis a menos. A medida que o relato se fai máis brutal a nivel emocional, a violencia trátase de maneira máis sutil e menos explícita.

**Foi ese o gran desafío?** En realidade non. A grande dificultade, tanto á hora de escribir o guión como á de rodalo, foi

conseguir que un personaxe para nada amábel como o que interpreta Antonio de la Torre, xerese empatía co espectador. Todos coincidimos en que a violencia está mal, mais quero crer que, dalgún xeito, ao ver o filme poñémonos de parte deste pobre tipo ao que lle afundiron a vida.

**Ao mesmo tempo, *Tarde para la ira* está chea de humor...** O humor é fundamental. Quería crear o mesmo efecto que se xera nos filmes dos Coen, que capturan o absurdo e a comedia que hai nas situacións máis fodidas. A vida é así, despois de todo. Por outro lado, tamén é necesario dar alivios momentáneos ao espectador para que o filme non lle faga cortarse as veas.

**Cando decidiu que quería dirixir un filme?** Sempre quixen ser director, desde pequeno. Con 10 ou 11 anos facía curtas coa cámara de meu pai, e logo no instituto, máis curtas con amigos, moi *gore*. É certo que logo, aos 17 anos, fixen un curso de teatro e encantoume a interpretación, e que logo fun moi afortunado e tiveron éxito fronte á cámara. Mais nunca perdín as ansias de dirixir. Foi difícil. Entre escribir o guión e montar a produción, *Tarde para la ira* levoume oito anos.

**Calquera podería imaxinar que o seu éxito como actor lle facilitaría as cousas.** Coñecer a moita xente na profesión fai que teñas acceso máis doado a reunións, pero de aí a que che queiran dar un pastón para facer un filme hai un treito. Despois de todo, ninguén tiña proba algunha de que eu era quen de facer as cousas ben tras a cámara. Ao contrario, lembro unha conversa con varios directores na que falei do meu proxecto e un deles dixo: «Mira, outro actor que se mete a director». Fernando Fernán-Gómez tiña máis razón ca un santo cando dicía: «A todo o mundo lle estraña moito que un actor queira dirixir pero a ninguén lle estraña nada que alguén que non é nada queira dirixir».

Publicado en <http://www.elperiodico.com/>  
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

### **NA LIBRARÍA NUMAX**

***La isla mínima*, Alberto Rodríguez.**

Warner [BluRay]

***Un profeta*, Jacques Audiard.**

Cameo [DVD/BluRay]

***Fargo / Muerte entre las flores.***

Joel & Ethan Coen. Fox [DVD]

***Dos días, una noche. Luc & Jean-Pierre***

Dardenne. Cameo [DVD/BluRay]

***España años 50*, Carlos Saura.**

La Fábrica, 2016

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega

Concepción Arenal, 9 baixo

15702 Santiago de Compostela

TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME